



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: scc

Expediente núm. 2025/E001/000009
2026/G003/000228

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO POLO QUE SE CORRIXEN ERROS MATERIAIS NAS BASES DUN PROCESO SELECTIVO.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante o Decreto núm. 2524/2025, do 5 de decembro de 2025 (2025/G003/002640), procedeuse á convocatoria do proceso selectivo (concurso-oposición) para a selección dunha persoa funcionaria interina coa categoría de orientador/a do programa integrado de emprego nos Concellos das Pontes, As Somozas e a Capela 2025/2026.

Segundo. As bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 240, do 16 de decembro de 2025.

Terceiro. Mediante Decreto núm. 161/2026, de data 27 de xaneiro de 2026(2026/G003/000180), procedeuse á corrección de determinados erros materiais advertidos nas bases reguladoras da convocatoria, persistindo non obstante, tras dita corrección, un erro material na determinación da data de vixencia da lista de espera establecida na base 11.

Así, sinálase a data de vixencia da lista de espera até o **30 de setembro de 2026**, cando a correcta data de finalización do Programa Integrado de Emprego ao que se refire a convocatoria é o **14 de outubro de 2026**.

Cuarto. O erro detectado ten carácter material, manifesto e evidente, non afectando ao fondo da convocatoria, ao desenvolvemento do proceso selectivo nin aos dereitos das persoas aspirantes, nin supón alteración das condicións de participación nin da concorrência competitiva.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Segundo. As bases reguladoras do proceso selectivo constitúen o marco normativo do procedemento, sendo procedente a corrección dos erros materiais advertidos cando estes resultan evidentes do propio contido da convocatoria e do expediente administrativo.

Terceiro. Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, corrixido pola Resolución núm. 2001/2024, do 5 de novembro.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro. Corrixir o erro material relativo á vixencia da lista de espera establecida na base 11, de



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: scc

modo que:

Onde di:

“Esta lista permanecerá vixente até a conclusión do Programa, prevista para o 30 de setembro de 2026”

Debe dicir:

“Esta lista permanecerá vixente até a conclusión do Programa, prevista para o 14 de outubro de 2026”.

Segundo. Declarar que a presente corrección ten carácter de erro material, non afectando ao desenvolvemento do proceso selectivo nin aos dereitos das persoas aspirantes, mantendo a plena validez de todas as actuacións realizadas.

Terceiro. Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico do Concello e na páxina web municipal, para xeral coñecemento.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

Ana María Pena Purriños